



SEEC-GALICIA
<http://seecgalicia.org/>
secretaria@seecgalicia.org

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE SEEC-GALICIA PARA O CURSO 2018-2019

A información máis detallada sobre cada unha das actividades será publicada no seu momento na páxina web de SEEC-Galicia: <http://seecgalicia.org/>

1) *IV LUDI COMPOSTELLANI*

Para poder levar a cabo os *Ludi* nunha data máis adecuada, este curso deslígase da festa de entrega de premios da *Olimpiada* e celebraranse en xornada exclusiva probablemente o xoves 24 de xaneiro de 2019. Incluirán como sempre actividades múltiples relacionadas coas linguas e a cultura clásicas.

2) *V XORNADA CLÁSICA: DIES LIBRORUM*

Con motivo do día do libro (23 de abril) celebrárase na Facultade de Filoloxía unha xornada con obradoiros, xogos e recital de lecturas.

3) *XIX FESTIVAL DE TEATRO GRECOLATINO*

O programa, lugar e datas previstos son os seguintes:

LUGO

11 de marzo (luns)

12:00 *Electra* de Eurípides, Grupo El Ruiseñor (A Coruña)

17:00 *Xemelgos* de Plauto, Grupo El Ruiseñor (A Coruña)

12 de marzo (martes)

12:00 *Troianas* de Eurípides, Grupo Noite Bohemia (A Coruña)

17:00 *Anfitrión* de Plauto, Grupo Noite Bohemia (A Coruña)

A CORUÑA

13 de marzo (mércores)

12:00 *Bacantes* de Eurípides, Grupo Noite Bohemia (A Coruña)

17:00 *Anfitrión*, Grupo Noite Bohemia (A Coruña)

OURENSE

25 de marzo (luns)

12:00 *Cestiña* de Plauto, SV Producciones (Madrid)

17:00 *Edipo Rei* de Sófocles, SV Producciones (Madrid)

26 de marzo (martes)

12:00 *Bacantes* de Eurípides, Grupo Noite Bohemia (A Coruña)

17:00 *Miles Gloriosus* de Plauto, Grupo Noite Bohemia (A Coruña)

4) *XIV EDICIÓN DO CONCURSO ODISEA*

A primeira fase do concurso celebrarase os días 4-7 de febreiro de 2019. O tema deste ano será "A ciencia e a tecnoloxía en Grecia e Roma".

5) *CERTAMEN CICERONIANUM*

Terá lugar no mes de marzo de 2019.

6) *PROBA DE GREGO PARNASO*

Celebrárase no mes de abril de 2019.

7) *V OLIMPIADA DE TRADUCCIÓN DE TEXTOS CLÁSICOS*

A data prevista de celebración das probas será o xoves 4 de abril de 2019.

A festa de entrega solemne de premios terá lugar previsiblemente o mércores 15 de maio de 2019.

8) *VIAXE A GRECIA*

Está previsto que teña lugar na semana de Entroido de 2019 (2/3-9/10 de marzo) cun programa similar ao do ano 2017. Como moi tarde, na última semana de outubro publicarase na páxina web toda a información. Como sempre, esta viaxe está pensada prioritariamente para profesores e os seus alumnos de secundaria e de bacharelato das materias impartidas polos departamentos de Grego e Latín.

9) *CONGRESO "CLASTEIA IV. CLÁSICOS EN ESCENA ONTE E HOXE"*

SEEC-Galicia colabora na organización do Congreso CLASTEIA IV, dedicado ao teatro clásico grecolatino e á súa recepción, que se celebrará na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela os días 25-27 de outubro de 2018. Entre as actividades do Congreso está prevista tamén a representación dunha obra de teatro de temática clásica. Véxase máis información en: <http://www.clasmedusc.es/>.

10) *EFEMÉRIDES OVIDIANAS*

Colabora tamén SEEC-Galicia na organización dunhas Xornadas Ovidianas que se celebrarán na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela as mañás dos días 20-21 de novembro de 2018. Incluirán conferencias de especialistas sobre a figura de Ovidio e a súa tradición medieval, unha representación de teatro e un recital aberto de temática ovidiana.

11) *CÍRCULO GREGO DE GALICIA*

Propónse unha reunión mensual durante o curso, para practicar conversación en grego antigo. A actividade estará coordinada por Óscar Soto. A primeira sesión aberta a todos os interesados terá lugar o próximo venres 26 de outubro ás 17:00 horas na aula B03 da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela. Comunicáranse máis detalles.

12) *XORNADAS DE CULTURA E LINGUAS CLÁSICAS*

Prevese a realización na primeira semana do mes de xullo de 2019 dun curso de formación. Tendo en conta a traxectoria pasada e que o grego xa queda atendido na anterior actividade, este ano o curso estará dedicado ao ensino da lingua latina.